

Venres, 29 de decembro de 2023

Núm. 249

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEAREAS

Presupostos e cadros de persoal

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA RPT E PLANTILLA, CREACIÓN DUN POSTO E PRAZA DE PERSOAL EVENTUAL

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E DA PLANTILLA DE PERSOAL PARA CREAR PRAZA E POSTO DE PERSOAL EVENTUAL.

O Pleno da Corporación Municipal en sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2023 desestimou as alegacións presentadas por JOSÉ CARLOS VÁZQUEZ MÍGUEZ, con número de rexistro de entrada 2023-E-RE-6640, de data 04/12/2023 e aprobou definitivamente a modificación da Relación de Postos de Traballo e da Plantilla de Persoal do Concello de Ponteareas, co obxecto de crear o seguinte posto e praza reservada a persoal eventual:

a) Denominación do posto e praza: secretaría da primeira tenencia de alcaldía.

Funcións: De confianza e asesoramento especial.

Sistema de provisión: Nomeamento e cesamento libre pola Alcaldía e cesamento automático en todo caso cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que preste a súa función de confianza ou asesoramento.

Titulación mínima esixida: ESO/Ciclos formativos de grado superior

Réxime de dedicación: Xornada completa.

Retribucións: 20.000 euros (total anual bruto en 14 pagas)

Remitirase copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días.

Contra este acordo poderá interpoñerse directamente recurso potestativo de reposición ante o Pleno do Concello de Ponteareas no prazo dun mes, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de calquera outro recurso que se poida interpoñer.

Ponteareas,

A alcaldesa, M^a Nava Castro Domínguez

